

Ola, que tal? Seguides ben por casa? Espero que si. Agora incluso podemos saír un pouco máis á rúa!!! I mos a máis!

Para o luns 18/05/2020

Que te parece se fas algúns xogos de habilidade? Propóñoche estes para facer en familia na casa:


- Come sen mans: é moi sinxelo, non hai máis que suxeitar unha mazá con, por exemplo, un garfo e tentar comela sen tocala coas mans, soamente chantando coa boca. Podedes competir a ver que o fai antes...



- Recolle macarróns: cun palillo longo suxeito na boca e un puñado de macarróns sobre unha mesa tenta ensartar un macarrón sen tocalo coas mans e metelo nun recipiente. Podedes xogar de forma colaborativa para recoller todos os macarróns entre varios ao mesmo tempo.



- Absorbe papel: o xogo é similar ao anterior, pero neste caso hai que soste coa boca unha palliña e recoller absorbendo aire un cachiño de papel e mantelo pegado ata deixalo caer nun recipiente.



Para o mércores 20/05/2020

Nesta sesión propóño vos dúas carreiras por un circuío caseiro que podedes facer polas estancias da casa, poñendo obxectos para esquivar coma cadeiras...

- O primeiro é en grupo: dúas ou tres persoas deben enganchar cada pe a un elemento rixido coma o pao dunha escoba e facer o percorrido sincronizando os pasos para poder avanzar e non caer ao chan. Lembra de facelo con coidado para non mancarvos.



- O segundo é por relevos: cada persoa no seu turno debe facer o percorrido cunha sandalia moi grandes, como podes ver na foto, que farán cada paso máis complicado.



Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!